



GUÍA DIDÁCTICA

NA PROCURA DO BO AMOR, MITOS DO AMOR ROMÁNTICO OBRADOIRO PARA A XUVENTUDE

1. INTRODUCCIÓN.

O Concello de Muros, elaborou este material destinado á sensibilización e información en Igualdade de Oportunidades dirixido ao alumnado de bacharelato e á xuventude.

A finalidade deste material, incluído nun programa de nove píululas formativas / obradoiros (3 por grupo de idade; primaria, ESO e bacharelato – mozos e mozas) é facilitar ao profesorado, pais, nais, titores/as e aos propios mozos e mozas unha serie de propostas didácticas que faciliten unha mellor comprensión de distintos aspectos relacionados coa igualdades de oportunidades.

Nesta píulula / obradoiro centrámonos primordialmente na necesidade de que os mozos e mozas reflexionen sobre os mitos do amor romántico e o perigo que supoñen, xa que poden dexenerar en relacións tóxicas.

Para a mocidade de entre 16 e 20 anos, as relacións amorosas son clave, ocupando gran parte do tempo e das conversas. Nesta etapa, atópanse aqueles e aquelas que xa teñen experiencia e aqueles e aquelas que comezan a manter as primeiras relacións sentimentais e sexuais. Por iso, é importante que se reflexione sobre a construción do amor debido ao seu impacto no desenvolvemento da identidade persoal.

Dende hai relativamente pouco tempo (en escala histórica) “impúxosenos” o concepto de amor romántico que defende que a parella, un amor home – muller, debe cumprir cunha serie de características imprescindíbeis.

Ofrécese un modelo de conduta amorosa que establece o que “de verdade” significa namorarse e os sentimentos que deben sentirse, como, cando e con quen.

Esta é a causa principal de que se desenvolvan crenzas e imaxes idealizadas ao redor do amor que en numerosas ocasións dificulta a creación de relacións sas e provoca a aceptación, normalización, xustificación e tolerancia de comportamentos claramente abusivos e ofensivos.

As bases ou clichés deste tipo de amor son “O amor para toda a vida”, “a media laranxa”, “os celos coma sinal de amor” ou a esperanza de que “o amor cámbiao



todo” son ideas, crenzas, mitos do amor romántico que se transmiten dende idades temperás por todos os medios (cine, televisión, música).

Estas ideas convértense, por medio da modelaxe e da reiteración, nunha finalidade para moitos e moitas e que desgraciadamente poden dexenerar en relacións tóxicas ao non estar baseadas na igualdade, e estas á súa vez dexeneran en violencia de xénero.

2. DESTINATARIOS/AS.

O obradoiro está dirixido ao alumnado de bacharelato, aínda que se pode traballar con mozos e mozas de calquera idade con pequenas adaptacións.

3. OBXECTIVOS.

- Basear as relacións amorosas no respecto e na igualdade.
- Desmontar os mitos do amor romántico cunha actitude crítica.
- Tomar conciencia das propias actitudes sexistas.
- Diferenciar os nosos papeis nas relacións de parella.
- Analizar os mitos amorosos e o imaxinario do amor en relación ao xénero.
- Axudar a que comprendan a natureza da violencia de xénero: como xorde, como evoluciona e o dano que produce a todas as persoas que conviven con ela.
- Potenciar o pensamento crítico con respecto ao ideal de amor que transmiten os medios de comunicación (cine, música, publicidade, Internet, videoxogos).
- Facilitar ferramentas para detectar as relacións tóxicas e como saír delas.

4. CONTIDOS.

- Que é o amor?
- Tipos de amor
- Relacións tóxicas
- Barreiras que nos impiden saír dunha relación tóxica.

5. METODOLOXÍA.

Inclúense 4 tipos de materiais neste obradoiro:

- Unha guía didáctica.
- Presentación de contidos en PDF.
- Vídeos.
- Cuestionarios interactivos
- Material para publicacións en redes sociais.



A secuencia de actividades desta guía obedece a unha orde lóxica da temática tratada; non obstante, pódense adaptar as actividades segundo os intereses e necesidades.

O contido pode ser autoadministrado polos mozos e mozas polo que, aínda que é interesante que se comece pola presentación en PDF, poden acceder aos mesmos de maneira non secuencial, velos todos ou só en parte.

Se se concibe como unha actividade a realizar en familia, consideramos interesante seguir o guión da presentación (aínda que non é preciso empregar o documento xa que se pode facer de forma oral ou mediante vídeos seleccionados).

En grupos / aulas (o ideal 10-15 participantes) o profesorado e o/a monitor/a debe favorecer o debate en grupo e partir das experiencias propias dos mozos e mozas, seguindo a través da aprendizaxe cooperativa, a actividade e a simulación de situacións interpersoais, empregando diferentes agrupamentos.

O/a profesor/a pode moderar as sesións, facilitar exemplos para familiarizar ao alumnado coas actividades, orientar na procura de solucións, modelar, actuar como guía, etc.

6. PLANIFICACIÓN.

O contido, vídeos e actividades pódense ver de forma persoal nun tempo máximo de 20'. De realizarse en familia / grupo / aula, a duración pódese adaptar perfectamente a unha sesión de 55' aínda que dependerá da profundidade que se queira dar e do nivel de interacción dos e das participantes, podendo ser necesarias dúas sesións.


7. ACTIVIDADES ADICIONAIS.

Para realizar en grupo e como complemento da actividade principal propónse:

- Dinámica para realizar en grupos: propoñer que os/as participantes busquen e analicen exemplos coñecidos dese ideal de “amor romántico” e propoñan alternativas.
- Análise crítica da saga Crepúsculo (hai 4 películas e 3 libros), partindo dos continuos clichés románticos que aparecen nas películas pódense establecer dinámicas de grupo para analízalas criticamente.



- Análise crítica da **Te doy mis ojos**, Icíar Bollaín (2003). Mostra como a violencia forma parte dos celos. A cinta conta como unha parella pode destruírse a través dos conflitos imaxinarios que acontecen nunha cabeza enferma de celos. Perfecto para analizar síntomas e consecuencias dunha relación non equilibrada e con moita desconfianza.



- Libro: **Eso No Es Amor: Como podemos trabajar la igualdad**; Marroqui, Marina (2017). Ed. Destino. ISBN - 9788408171058



- Cando a realidade choca contra estes falsos mitos prodúcese unha frustración que provoca infelicidade e que, en casos extremos, pode derivar en violencia de xénero.
- Neste libro atoparás unha serie de retos que te axudarán a reflexionar. A descubrir as túas propias respostas. Enfróntate a eles sen medo, atrévete a pensar a túa maneira. Porque para que a sociedade avance necesitamos mozo e mozas que se atrevan a abrazar a realidade con toda a súa complexidade.

8. COMO AVALIALO.

Nos contidos incluíronse cuestionarios para ser autoadministrados, en grupo pódese avaliar segundo o nivel de participación e a comprensión dos contidos.

9. AMPLIAR INFORMACIÓN.

Hai múltiples fontes e referencias, pero recomendamos:

- Corzo, C. y Arteaga, S. *Antecedentes históricos de las relaciones amorosas en la adolescencia y los problemas psicológicos que se generan durante estas (Capítulo uno)*. U. A. Estado de Hidalgo. <https://www.uaeh.edu.mx/sciag/boletin/prepa3/n9/p1.html>
- Esteban Galarza, M. Luz; Távora, Ana. «El amor romántico y la subordinación social de las mujeres: revisiones y propuestas». *Anuario de psicología / The UB Journal of psychology*, 2008, Vol. 39, Núm. 1, p. 59-73, <https://www.raco.cat/index.php/AnuarioPsicologia/article/view/99354>
- Ferrer, V.; Bosch, E. (2013). Del amor romántico a la violencia de género. Para una coeducación emocional en la agenda educativa. *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado*, 17 (1), 105-122.
- Pascual Fernández, A. (2016). *Sobre el mito del amor romántico. Amores cinematográficos y educación*. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5429358.pdf>